



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) E PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES (PPTP) REFERENTES Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN, EN COORDINACIÓN CO GALP A MARIÑA-ORTEGAL, DUN PROGRAMA DE DIVULGACIÓN DA EDLP, VISIBILIZACIÓN DO GALP COMO AXENTE DINAMIZADOR DO TERRITORIO E OPORTUNIDADES DO PROGRAMA DE AXUDAS FEMPA 2021-2027.

NÚMERO DE EXPEDIENTE: GALP1-A-013/2024

Contido do documento:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

1. CADRO DE CARACTERÍSTICAS
2. OBXECTO DO CONTRATO
3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN
4. DETERMINACIÓN DO PREZO
5. CAPACIDADE E SOLVENCIA DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE
 - 5.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA
 - 5.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL
6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS
 - 6.1. CRITERIOS DE AXUDICACIÓN AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO
 - 6.2. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR
 - 6.3. CRITERIOS DE DESEMPATE
 - 6.4. CRITERIOS DE BAIXA TEMERARIA
7. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS
8. APERTURA DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN
9. EXECUCIÓN DO CONTRATO
10. PUBLICIDADE
11. RESPONSABLE DO CONTRATO
12. ANEXOS
 - 12.1. ANEXO I- Datos do licitador
 - 12.2. ANEXO II- Declaración Responsable
 - 12.3. ANEXO III- Declaración xurada
 - 12.4. ANEXO IV- Modelo de oferta económica

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES (PPTP)

1. CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN
2. CARACTERÍSTICAS DAS PRESTACIÓNS, FINALIDADES E OBXECTIVOS A ALCANZAR.
3. FUNCIÓNS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO
4. PRAZO E EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN





PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP)

1. CADRO DE CARACTERÍSTICAS

Entidade de contratación	Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) A Mariña-Ortegal CIF: G27386192		
Obtención de documentación e información	Enderezo: Rúa Misericordia, Nº 35, Baixo, 27850 Viveiro (Lugo) Teléfonos: 982 56 33 55 / 606 56 85 06 Correo electrónico: galp.mar.marinaortegal@xunta.gal Sitio web do contratante: https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions		
Órgano de contratación	Presidencia do GALP A Mariña-Ortegal		
Responsable do contrato	Rosa Ana González Vizoso, Xerente do GALP A Mariña-Ortegal		
Referencia do expediente	GALP1-A- 013/2024		
Obxecto do contrato	Prestación do servizo de asistencia técnica para a realización, en coordinación co GALP A Mariña-Ortegal, dun programa de divulgación da EDLP, visibilización do GALP como axente dinamizador do territorio e oportunidades do programa de axudas FEMPA 2021-2027.		
Tipo de contrato	Contrato de Servizos		
Tramitación	<input checked="" type="checkbox"/> Ordinaria <input type="checkbox"/> Urgente		
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: https://galp.xunta.gal/normativa)	<input type="checkbox"/> Procedemento I, para a adxudicación directa de contratos para necesidades puntuais ou esporádicas dos GALP. <input checked="" type="checkbox"/> Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimado. <input type="checkbox"/> Procedemento III, para gastos derivados de contratos suxeitos a regulación harmonizada.		
Contrato suxeito a regulación harmonizada	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	Subdivisión en lotes	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non





Admisión de prórroga	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	Revisión de prezos	<input type="checkbox"/> Si, segundo a modificación do contrato prevista no PCAP <input checked="" type="checkbox"/> Non procede
Admisión de variantes e/ou melloras	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	Admisión de subcontratación	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non
Criterios de adjudicación	<input type="checkbox"/> Prezo <input checked="" type="checkbox"/> Multicriterio		
Orzamento base de licitación	15.000,00 (IVE non incluído)		
Prazo de execución	O período de prestación do servizo comprenderá dende a formalización do contrato (previsiblemente xuño de 2024) ata o 31 de decembro de 2024.		
Prórroga	Non se admite prórroga do contrato.		
Financiamento	Esta contratación está financiada nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), segundo o Convenio de colaboración asinado polo GALP A Mariña-Ortegal coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para a aplicación da EDLP no marco do FEMPA 2021-2027.		

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de asistencia técnica para a realización, en coordinación co GALP A Mariña-Ortegal, dun programa de divulgación da EDLP, visibilización do GALP como axente dinamizador do territorio e oportunidades do programa de axudas FEMPA 2021-2027.





3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

O valor estimado do contrato é de 15.000,00.-€.

O orzamento base de licitación para o servizo requirido ascende a un total de 18.150,00 (IVE incluído), correspondente a unha base impositiva de 15.000,0.-€ e 3.150,00.-€ de IVE (21%).

Valor estimado do contrato	15.000,00.-€ (IVE non incluído)	
Orzamento de licitación	Importe base de licitación	15.000,00.-€
	IVE (21%)	3.150,00 €
	Importe total de licitación	18.150,00 €
Financiamento	Esta contratación está financiada nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), segundo o Convenio de colaboración asinado polo GALP A Mariña-Ortegal coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para a aplicación da EDLP no marco do FEMPA 2021-2027.	

4. DETERMINACIÓN DO PREZO

O cálculo do orzamento base de licitación desta contratación realizouse tendo en conta os prezos habituais no mercado deste tipo de servizos, e o coste de dito servizo que supón a outros Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia de dimensións e características similares ao GALP A Mariña-Ortegal.

5. CAPACIDADE E SOLVENCIA DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE

As persoas ou entidades licitantes deberán presentar **declaración responsable asinada** de que cumpren cos requisitos e contan coa capacidade, solvencia económica e técnica esixida para a presente contratación.

A empresa adxudataria deberá presentar nun prazo **de 3 (tres) días hábiles** dende o momento da súa notificación a documentación que acredite ditos extremos, previo requirimento da mesma polo GALP A Mariña-Ortegal, e con carácter xeral:

- Personalidade e capacidade de obrar: escritura de constitución e de modificación.
- Xustificación do obxecto social: Estatutos.





- c) Representación: acreditación da representación.
- d) Alta no imposto de actividades económicas
- e) Xustificantes de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA e coa Seguridade Social.
- f) DNI do representante e CIF da empresa
- g) Calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar que reclame o órgano de contratación.

*No caso de autónomos, para acreditar a capacidade de obrar, deberán aportar: DNI, xustificante de estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos- RETA-e aportación do IAE que permita acreditar a actividade profesional

5.1. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA.

A solvencia económica e financeira acreditarase polos seguintes medios:

Volume anual de negocios do licitante por un importe igual ou superior ao do valor estimado, esto é, igual ou superior a 15.000,00.-€

Existencia de Seguro de Responsabilidade Civil (RC) por un importe igual ou superior ao do valor estimado, isto é, igual ou superior a 15.000,00.-€

Acreditación:

Volume anual de negocios: A través da presentación das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a entidade licitante estivese inscrita no devandito rexistro e, en caso contrario, polas contas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Aquelas persoas licitantes non inscritas no rexistro, acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil e no seu caso dos libros exixidos pola normativa de aplicación, que acrediten a facturación ou volume anual de negocios. No caso de persoas ou entidades licitantes cuxo período de actividades non abrangue os tres últimos exercicios, é necesarios presentar a cifra de negocios do período de actividades da persoa ou entidade licitante, que deberá ser superior en todo caso á contía referida

*No caso de empresarios individuais, para acreditar a solvencia económica presentarán o modelo 390 (Declaración resumo anual do IVE).

Seguro de Responsabilidade Civil : Xustificante da existencia do seguro





5.2. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

A solvencia técnica ou profesional acreditarase polo seguinte medio:

Requisitos:

O equipo mínimo que deberá destinar o adxudicatario para a prestación do servizo indicado e garantir a correcta execución do contrato estará baixo a dirección dun profesional responsable da execución do contrato, que deberá estar en posesión dalgún dos seguintes títulos universitarios: Titulación en Ciencias Económicas, Ciencias Empresariais, ADE ou titulación equivalente ás anteriores que a capaciten para o correcto desenvolvemento do traballo.

Ter realizado como mínimo 3 servizos de igual ou similar natureza dos que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os cinco últimos anos.

Acreditación:

Copia da titulación

Certificado que acredite os traballos realizados e as datas de realización.

*Para a acreditación do requisito de solvencia bastará a presentación dunha **declaración xurada** por parte do representante da entidade o persoa autorizada, onde se faga constar o cumprimento dos requisitos. Isto deberá presentarse no **Sobre A o Sobre 1**. **Dita documentación acreditativa será presentada unha vez adxudicada a licitación por parte da entidade seleccionada e antes da sinatura do contrato.**

6. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN E VALORACIÓN DAS OFERTAS

A adjudicación do contrato do servizo será para a oferta máis vantaxosa, atendendo aos seguintes criterios de adjudicación:

6.1. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO

- **Oferta económica: 60 puntos** (puntuación máxima)

Darase a máxima puntuación á oferta económica admitida de prezo máis baixo, e que non incorra en baixa temeraria. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula:

$$P_i = PM \times OB / O_i$$





Pi = Puntuación da oferta a valorar

PM = Puntuación máxima do criterio

OB = Oferta mais baixa das presentadas (sen IVE)

Oi = Oferta a valorar (sen IVE)

Quedarán excluídas do procedemento de adxudicación aquelas ofertas que superen o orzamento base máximo de licitación.

- **Experiencia profesional: 40 puntos** (puntuación máxima)

Experiencia profesional referida en:

- ✓ Elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) ou Plans Estratéxicos en programas de CLLD (Rurais ou Pesqueiros) nos períodos 2007-2013, 2014-2020 e 2021-2027.

Un punto por cada EDLP (ou plan estratéxico) rural e dous puntos por cada EDLP pesqueira, ata un máximo de 20.

- ✓ Realización de xornadas de formación/divulgación de EDLP, os GAR/GAC/GALP/GALPA como axentes dinamizadores do territorio, programas de axudas FEADER, FEP, FEMP, FEMPA.

Un punto por cada xornada asociada aos GAR e fondos FEADER e dous puntos por cada xornada asociada aos GAC/GALP/GALPA e fondos FEP/FEMP/FEMPA, ata un máximo de 20.

Para a avaliación da experiencia é preciso a presentación dos certificados de boa execución expedidos ou visados pola entidade sen ánimo de lucro no que conste, identificación da entidade receptora e da prestadora dos servizos coa indicación da participación da persoa responsable da execución do contrato, breve resumo da labor realizada, programa de fondos europeos, período ou períodos de realización.

6.2. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

Non existen





6.3. CRITERIOS DE DESEMPATE

O empate entre varias ofertas logo da aplicación dos criterios de adxudicación, resolverase mediante a aplicación, por orde, dos seguintes criterios, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación das ofertas:

- Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.
- Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal.
- Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal.
- sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dea lugar a desempate.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polas persoas ou entidades licitantes no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo

6.4. CRITERIOS DE BAIXA TEMERARIA

Unha oferta económica considerarase anormalmente baixa e, por tanto, incorrerá en baixa temeraria cando a súa proposta económica sexa inferior ao orzamento de licitación en máis de 20 unidades porcentuais.

Cando se identifique que unha oferta económica pode ser considerada anormalmente baixa, solicitarase á persoa ou entidade licitante que a presentou para que, no prazo máximo de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se envíe a comunicación, presente e xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma.

7. LUGAR, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

As ofertas, xunto coa documentación preceptiva, presentarase atendendo ás seguintes especificacións:

Lugar de presentación	As propostas deberán ser remitidas por correo postal certificado ao GALP A Mariña-Ortegal , no enderezo: Rúa Misericordia, Nº 35, Baixo, 27850, Viveiro (Lugo), sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación dentro do prazo de presentación das ofertas por correo electrónico ao seguinte enderezo electrónico: galp.mar.marinaortegal@xunta.gal
------------------------------	--





	<p>Deberase presentar un total de dous sobres pechados:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Sobre A: “Documentación xeral”. -Sobre C: “Criterios avaliados de forma automática” <p><u>*No exterior dos mesmos debe indicarse:</u></p> <p>Tipo de sobre: A ou C</p> <p>Licitación: <i>GALP1-A-013/2024- Contrato de servizo de asistencia técnica para a realización, en coordinación co GALP A Mariña-Ortegal, dun programa de divulgación da EDLP, visibilización do GALP como axente dinamizador do territorio e oportunidades do programa de axudas FEMPA 2021-2027.</i></p> <p>Sinatura do licitador/persoa que o represente. <i>Non se admitirán ofertas presentadas por outros medios.</i></p>
<p>Prazo de presentación</p>	<p>O prazo máximo para a presentación de ofertas é de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio de licitación na páxina web: https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions</p> <p>Se o último día de presentación coincide en sábado ou día inhábil, o prazo de presentación rematará o primeiro día hábil seguinte.</p> <p>Non se admitirán ofertas presentadas fora de prazo.</p>
<p>Forma de presentación</p>	<p>A documentación necesaria e preceptiva presentarase en dous sobres pechados:</p> <p><u>SOBRE A (identificando no seu exterior como “SOBRE A”) *:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> Anexo I – Datos do licitador Anexo II de declaración responsable do licitador Anexo III de declaración xurada de cumprimento de requisitos *Incluir no SOBRE A, un USB que conterá a documentación Anexo I, Anexo II e Anexo III asinada dixitalmente. <p><i>(*) As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable, exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser presentada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria.</i></p> <p><u>SOBRE C (identificando no seu exterior como “SOBRE C”):</u></p> <ul style="list-style-type: none"> Anexo IV - Oferta económica (segundo modelo) *Incluir no SOBRE C , un USB que conterá a documentación Anexo IV asinada dixitalmente. <p>A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante.</p>





	<p>As ofertas presentadas, e toda a documentación preceptiva, deberán vir impresas e asinadas, nos respectivos sobres, pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante, debendo figurar unha folla independente na que se relacione o contido da oferta que se presenta (índice numerado do contido dos documentos que se presentan /documentación anexa); e, ademais, os Anexos I, II, III e IV deberán vir asinados dixitalmente insertos en dous USB INDEPENDIENTES ,que se incluírán respectivamente no SOBRE A (USB que conterá Anexo I, II e III) e no SOBRE B (USB que conterá o Anexo IV)..</p> <p>Non se admitirán ofertas que conteñan erros na súa forma de presentación.</p>
--	---

8. APERTURA DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a **Comisión de Contratación** reunirse en sesión privada para a revisión da documentación relativa ao **SOBRE A**, dando conta das proposicións presentadas e, ante defectos ou omisións que poidan ser emendados, comunicarao ás persoas ou entidades licitantes interesadas, concedendo un prazo de **3 días hábiles** para a súa corrección.

A Comisión de Contratación, unha vez cualificada a documentación do SOBRE A e realizadas as correccións oportunas, no seu caso, adoptará o **acordo de admisión definitiva** das persoas ou entidades licitantes, especificando as causas de exclusión, se as houberse.

A continuación, procederase, no lugar, día e hora sinalados no portal web <https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions> á apertura, en acto público, do **SOBRE C** das persoas ou entidades licitantes admitidas.

Descrición	Apertura pública do SOBRE C.
Lugar	Sede do GALP A Mariña-Ortegal : Rúa Misericordia, nº 35, baixo. Viveiro (Lugo)
Data e hora	Publicarase na páxina web: https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions a data e a hora da apertura do Sobre C, cun mínimo de 48 horas de antelación.



Atendendo á puntuación obtida segundo os criterios de adxudicación, a Comisión de Contratación emitirá a proposta de contratación a favor da persoa ou entidade licitante coa puntuación máis alta, a cal presenta a oferta máis vantaxosa de acordo cos criterios de adxudicación.

9. EXECUCIÓN DO CONTRATO

PRAZO DE EXECUCIÓN:

Prazo de execución	O período de prestación do servizo comprenderá dende a formalización do contrato (previsiblemente xuño de 2024) ata o 31 de decembro de 2024.
Prórrogas	Non se admite prórroga do contrato.

CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO:

Segundo o especificado no Prego de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) e dentro do prazo de execución especificado no apartado anterior.

MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Non hai

ADMISIÓN DE VARIANTES E/OU MELLORAS

No se admiten variantes nin melloras do servizo prestado.

PAGAMENTO DO PREZO

Os pagamentos serán abonados por transferencia bancaria, unha vez realizadas por parte da persoa ou entidade contratista, a totalidade das actividades obxecto de servizo e sempre dentro do prazo de duración do contrato (ata o 31 de decembro de 2024).

O pago realizarase previa presentación da factura correspondente, xunto coa memoria final de actividades, estando supeditado a dispoñibilidade de crédito por parte do GALP A Mariña-Ortegal. Cada factura será detallada e deberá cumprir a normativa vixente en materia de facturación.





CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O GALP A Mariña-Ortegal poderá acordar a disolución do contrato, no caso de que concorra algunha das seguintes causas:

- Mutuo acordo entre o GALP A Mariña-Ortegal e o contratista.
- A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- A demora no cumprimento dos prazos establecidos e das entregas acordadas segundo o especificado no PPT e/ou no PCAP e as Ordes de convocatoria correspondentes.
- O incumprimento da obriga principal do contrato ou das restantes obrigas descritas nos pregos por parte da persoa ou entidade contratista.
- A declaración incompleta ou falsa sobre os requisitos de solvencia e capacitación técnica que, no seu caso, sexan esixidos polo órgano de contratación (GALP A Mariña-Ortegal).

10. PUBLICIDADE

O Anuncio de licitación será publicado na páxina web: <https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions>.

11. RESPONSABLE DO CONTRATO.

A unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato será a xerencia do GALP A Mariña-Ortegal, sendo a persoa que ocupe este posto á que corresponderá garantir a súa execución así como adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do seu ámbito de facultades.

12. ANEXOS :





12.1 ANEXO I- Datos do licitador

ANEXO I-DATOS DE CONTACTO DA PERSOA OU ENTIDADE LICITANTE

(A incluír no SOBRE A)

Expediente: GALP1-A-013/2024

Asunto: CONTRATACIÓN DE SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN, EN COORDINACIÓN CO GALP A MARIÑA-ORTEGAL, DUN PROGRAMA DE DIVULGACIÓN DA EDLP, VISIBILIZACIÓN DO GALP COMO AXENTE DINAMIZADOR DO TERRITORIO E OPORTUNIDADES DO PROGRAMA DE AXUDAS FEMPA 2021-2027.

Nome da persoa ou entidade licitante	
Nome da persoa representante legal	
Nome da persoa responsable e de contacto aos efectos da licitación	
Dirección postal	
Teléfono de contacto	
Dirección de correo electrónico a afectos de notificacións	

En _____, a _____ de _____ de 2024.

Data e sinatura da persoa ou responsable legal da entidade licitante



12.2 ANEXO II- Declaración Responsable

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A LICITADOR/A (A incluír no SOBRE A)

CONTRATACIÓN PROMOVIDA POLO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

OBJECTO DO CONTRATO: SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN, EN COORDINACIÓN CO GALP A MARIÑA-ORTEGAL, DUN PROGRAMA DE DIVULGACIÓN DA EDLP, VISIBILIZACIÓN DO GALP COMO AXENTE DINAMIZADOR DO TERRITORIO E OPORTUNIDADES DO PROGRAMA DE AXUDAS FEMPA 2021-2027.
(COD. GALP1-A-013/2024)

D. /Dña....., con DNI número..... actuando en calidade de representante legal da entidade mercantil ou en nome propio(o que proceda)..... con NIF número....., con domicilio social.....teléfono.....correo electrónico.....aos efectos de notificación,

DECLARA en representación da empresa

Primeiro.- Que a empresa conta coa capacidade e habilitación profesional necesaria para executar as prestacións obxecto do contrato, as cales se encadran no obxecto social da empresa.

Segundo.- Non estar incurso nas prohibicións de contratar establecidas polo artigo 71 da LCSP, en concreto, estar ao corrente do pago das obrigas tributarias e Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Tampouco incorre en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas pola normativa vixente.

Terceiro.- Non presenta ningunha outra oferta para esta contratación mediante empresa vinculada segundo o artigo 42.1 do Código de Comercio, aprobado mediante Real Decreto de 22 de Agosto de 1885.

Cuarto.- Sométese a xurisdición española polas contingencias que puidesen xurdir do contrato.

Quinto.- A dirección de correo electrónico para a recepción de notificacións e
_____.

Sexto.-Comprométese a acreditar, ante o GALP, a posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____ a _____ de _____ 2024

Data e sinatura do licitador

14



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea

12.3 ANEXO III- Declaración xurada

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS DO/A LICITADOR/A

(A incluír no SOBRE A)

CONTRATACIÓN PROMOVIDA POLO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

OBXECTO DO CONTRATO: SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN, EN COORDINACIÓN CO GALP A MARIÑA-ORTEGAL, DUN PROGRAMA DE DIVULGACIÓN DA EDLP, VISIBILIZACIÓN DO GALP COMO AXENTE DINAMIZADOR DO TERRITORIO E OPORTUNIDADES DO PROGRAMA DE AXUDAS FEMPA 2021-2027.
(COD. GALP1-A-013/2024)

D. /Dna.....,con DNI número..... actuando en calidade de representante legal da entidade mercantil ou en nome propio (o que proceda).....con NIF número....., con domicilio social.....teléfono.....,correo electrónico aos efectos de notificación:

DECLARA en representación da empresa

Primeiro.- Que a empresa cumpre cos requisitos establecidos nos pregos de prescricións técnicas (PPTP) e administrativas (PCAP) para a licitación indicada neste Anexo III

Segundo.- Comprométese a acreditar, ante o GALP A Mariña-Ortegal, posesión e validez da documentación necesaria para probar o declarado, tal e como se indica nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas

Terceiro.- Esta declaración xurada será incorporada no SOBRE A da oferta presentada para a licitación correspondente.

E para que así conste, asino a presente declaración xurada.

En _____ a _____ de _____ 2024

Data e sinatura do licitador

12.4 ANEXO IV- Modelo de oferta económica

ANEXO IV

OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA

(A incluír no SOBRE C)

CONTRATACIÓN PROMOVIDA POLO GALP A MARIÑA-ORTEGAL

OBXECTO DO CONTRATO: SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN, EN COORDINACIÓN CO GALP A MARIÑA-ORTEGAL, DUN PROGRAMA DE DIVULGACIÓN DA EDLP, VISIBILIZACIÓN DO GALP COMO AXENTE DINAMIZADOR DO TERRITORIO E OPORTUNIDADES DO PROGRAMA DE AXUDAS FEMPA 2021-2027
(COD. GALP1-A-013/2024)

DATOS DO DECLARANTE:

Nome e apelidos: _____
NIF: _____
Teléfono: _____
Correo electrónico para notificacións: _____
Enderezo postal para notificacións: _____
Entidade mercantil que representa (no seu caso): _____
NIF da entidade: _____
Cargo: _____

MANIFESTA:

Que, coñecidos os pregos de cláusulas administrativas e técnicas que deben rexer a contratación referida, e aceptando íntegra e incondicionalmente o seu contido, se compromete a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos, nas seguintes condicións:

OFERTA ECONÓMICA :

	Importe (en número)	Importe (en letra)
Importe ofertado (Sen IVE)		
IVE		
Total (Con IVE)		



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
A Mariña-Ortegal



CIF: G27386192

Rúa Misericordia, nº35 Baixo

27850 Viveiro (Lugo)

Tfños: 982 56 33 55 / 606 56 85 06

galp.mar.marinaortegal@xunta.gal

En _____ a _____ de _____ 2024

Data e sinatura do licitador



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES (PPTP)

1. CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN

O GALP A Mariña-Ortegal é unha entidade sen ánimo de lucro que foi recoñecida como entidade colaboradora da Consellería do Mar para a aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, segundo Convenio de Colaboración asinado o 9 de xaneiro de 2023. Está integrada por un total de 52 socios e abrangue un total de 13 Concellos: Valdoviño, Cedeira, Cariño, Ortigueira, Mañón, O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros e Ribadeo.

Actualmente o GALP A Mariña-Ortegal dispón da sede social e fiscal en Viveiro (Lugo) cun único centro de traballo.

No Convenio de colaboración asinado, establécese na cláusula décimo oitava o marco regulador do réxime de contratación do GALP A Mariña-Ortegal. De acordo con esta cláusula, a contratación de asistencias técnicas, obras, subministracións ou calquera outro tipo de contratación efectuada polo GALP A Mariña-Ortegal pertencentes aos gastos de funcionamento e animación, realizarase “segundo os principios de liberdade, publicidade e transparencia, non discriminación e igualdade de trato, e eficiencia”, conforme a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP), dada a súa condición de entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión e control de fondos públicos. Asemade, o GALP A Mariña-Ortegal terá en conta as instrucións que emita o Organismo Intermedio de Xestión (en adiante, OIX).

Na data do 22 de xuño de 2023, a Consellería do Mar comunicou ao GALP A Mariña-Ortegal a **Instrución nº 1/2023 sobre os procedementos de contratación dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro** (dispoñible en: <https://galp.xunta.gal/normativa>), na que se definen diferentes procedementos de contratación a aplicar por estes, en función das características da contratación e o seu importe.

Da necesidade do servizo:

O GALP A Mariña-Ortegal, como entidade colaboradora da Consellería do Mar, para a xestión da prioridade 3 do Programa FEMPA 2021-2027, e está suxeita ao convenio subscrito o día 2 de xaneiro

de 2023, o cal ten por obxecto establecer as regras que deberán aplicar ambas partes na xestión da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), e en particular as funcións e obrigas que asume o GALP como entidade colaboradora da Consellería do Mar.

Dado que o GALP A Mariña-Ortegal carece de persoal suficiente para dar cobertura ás necesidades de servizo de realización dun programa de divulgación da EDLP, visibilización do GALP como axente dinamizador do territorio, para poder cumprir correctamente coas funcións e obrigas acordadas no convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar o 2 de xaneiro de 2023, debe procederse á contratación dun servizo externo para dar cobertura a tal necesidade.

2. CARACTERÍSTICAS DAS PRESTACIÓNS, FINALIDADES E OBXECTIVOS A ALCANZAR.

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de asistencia técnica para a realización, en coordinación co GALP A Mariña-Ortegal, dun programa de divulgación da EDLP, visibilización do GALP como axente dinamizador do territorio e oportunidades do programa de axudas FEMPA 2021-2027, coas características que se detallan a continuación.

Realización de 6 (seis) parladoiros nos concellos do territorio do GALP, en concreto: Burela, Valdoviño, Foz, Cariño, Xove e Cervo co obxectivo fundamental de divulgar e presentar experiencias inspiradoras para a xeración de proxectos estruturándose en tres espazos:

- Presentación xeral da estratexia do GALP A Mariña-Ortegal e o programa de axudas FEMPA 2021-2027.
- Espazo de networking donde se compartan experiencias inspiradoras que sirvan de base para favorecer o xurdimento de proxectos innovadores, ligados ao desenvolvemento sostible.
- Espazo participativo, no que se fomenta e apoia o xurdimento de iniciativas empresariais e sociais, a creatividade de proxectos e oportunidades de negocio, empregando o FEMPA como unha ferramenta de apoio/financiamento para o desenvolvemento local participativo.

Tendo en conta as necesidades a satisfacer, a persoa ou entidade adxudicataria prestará ao GALP os seguintes servizos, nos seguintes termos:

- A persoa ou entidade adxudicataria garantirá a celebración dunha reunión (como mínimo)



na sede do GALP, previo acordo de data e hora co equipo técnico do GALP, para definir o programa de actividades a desenvolver, e outra reunión (como mínimo) para a avaliación do correcto desenvolvemento do servizo, ou aplicación de medidas correctivas en base a posibles incidencias acontecidas nas xornadas.

- O servizo estará centrado na realización da segunda das actividades, propostas no Plan de Acción do ano 2024, baseada na dinamización do territorio, dándolle maior visibilidade ao GALP e aos proxectos levados a cabo, presentando ao público en xeral exemplos de proxectos exitosos, experiencias inspiradoras para a xeración de novos proxectos no territorio e de divulgación das oportunidades que brinda a EDLP e o programan de axudas FEMPA 2021-2027.

Levaranse a cabo cunha serie de actuacións encamiñadas a fomentar un desenvolvemento equilibrado e sostible da zona marítima, potenciando o xurdimento de proxectos do sector pesqueiro, ou vinculados a éste, procurando un enfoque máis integral na presentación de proxectos, onde se conxugue a transición ecolóxica, a transformación dixital e a sostibilidade como principais factores de impulso e creatividade dos proxectos, buscando unha presenza e grao de implicación importante do sector pesqueiro.

Actividades a realizar:

Preparación, coordinación e seguimento da actividade:

- Elaboración do plan de traballo: actividades, accións, temáticas e calendario.
- Actividades de coordinación, control e seguimento.
- Elaboración da memoria final da actividade.

Plan de comunicación:

- Deseño de materiais adicionais e contidos para a divulgación dos eventos/xornadas en medios e redes sociais.

Realización e produción dun total 6 xornadas, que terán lugar en seis dos concellos do territorio A Mariña-Ortegal de Burela, Valdoviño, Foz, Cariño, Xove e Cervo:

- Selección, contacto e ordenación de relatores (2-3 relatores por parladoiro).
- Formato presencial, ou mixto (presencial/videoconferencia).
- Preparación de materiais de soporte aos eventos: contidos, presetacións slide,



ambientación de espazos e control de asistencia.

- Realización dos parladoiros: aspectos loxísticos, condución e moderación de espazos.
- Degustación de produto mariñeiro en cada xornada.

A persoa ou entidade adxudicataria deberá ter dispoñibilidade de desprazamento á sede do GALP para atender tarefas extraordinarias e imprevistas cando sexa preciso, debendo quedar garantida a substitución do persoal asignado á execución do contrato en caso de ausencia.

A adxudicataria porá a disposición do GALP ao inicio do contrato un número de teléfono para atender as necesidades que se requiran e o equipo técnico responsable da execución dos traballos, debendo asignar a unha persoa como responsable da execución do contrato. Cando dita persoa necesite ausentarse por motivos tales como vacacións ou enfermidade, a adxudicataria nomeará a persoa responsable do contrato en ausencia da principal.

3. FUNCÍONS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

A prestación do servizo está suxeita ás seguintes función e obrigas:

- A persoa ou entidade adxudicataria queda obrigada a destinar os medios persoais e técnicos necesarios para a correcta execución do servizo e para as finalidades previstas nas presentes prescricións técnicas.
- A persoa ou entidade adxudicataria non tratará nin aplicará os datos postos a súa disposición por parte do GALP A Mariña-Ortegal para a execución do servizo para finalidade diferente á relativa ao obxecto do contrato, nin os comunicará a terceiras persoas, debendo cumprir o conxunto de normas previstas ao efecto, respondendo das infraccións en que, no seu caso, se incorra.
- A persoa ou entidade adxudicataria non poderá ceder nin traspasar o servizo a terceiros sen a autorización expresa do GALP A Mariña-Ortegal. A infracción desta obriga producirá a resolución do contrato.
- A persoa ou entidade adxudicataria deberá cumprir todas as obrigas que lle corresponden relativos ao exercicio das súas actividades empresariais, así como aquelas de carácter laboral en relación aos seus empregados, incluídas as de previsión, seguridade social, etc.
- A persoa ou entidade adxudicataria queda obrigada ao cumprimento da lexislación vixente en





materia de protección de datos de carácter persoal, en todo o que sexa de aplicación ao presente contrato, conforme ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

4. PRAZO E EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN

O período de prestación do servizo comprenderá dende a formalización do contrato (previsiblemente xuño de 2024) ata o 31 de decembro de 2024, sen posibilidade de prórroga.

Os presentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e de Prescricións Técnicas Particulares (PPTP) foron aprobados polo órgano encargado de aprobar os pregos de contratacións do GALP A Mariña-Ortegal (órgano delegado da Xunta Directiva do GALP A Mariña-Ortegal).

O PRESENTE DOCUMENTO É COPIA FIEL DO ORIXINAL

En Viveiro a 10 de xuño de 2024

Asdo: D. Jesús Fernández Fernández
Secretario do GALP A Mariña-Ortegal

Asdo: D. Javier Martínez Otero
Presidente do GALP A Mariña-Ortegal

